

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NOS ANOS 2025 E 2026

Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Jacobo Pérez Gulín, Alcalde Presidente do Concello de Caldas de Reis, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Manuel Campos Velay, Alcalde Presidente do Concello de Cuntis no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

José Luis Gómez Fontenla, Alcalde Presidente do Concello de Moraña, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento de este convenio de colaboración, e a tal efecto,

EXPOÑEN

1. Por resolución da Presidencia de Augas de Galicia do 30.09.1997 aprobouse o prego de bases do concurso da concesión para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, conforme ao cal e ao abeiro do establecido no artigo 132 do



Regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, se convocou o concurso para a explotación do referido aproveitamento hidroeléctrico.

A cláusula 4ª g) parágrafo segundo, do prego de bases dispoñía que:

Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior, para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña. A materialización das mesmas levarase a cabo a través da deputación de Pontevedra mediante un convenio.

2. O 13.11.2002 asinouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co obxecto de establecer o sistema de tramitación e xestión das subvencións previstas no prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis (en adiante, prego de bases da concesión).

3. O 22.04.2010 a Presidencia de Augas de Galicia asinou a resolución pola que se modificaba o prego de bases da concesión, e dispoñía que a cláusula 4ª g) parágrafo segundo, quedara redactada do seguinte xeito:

Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas- ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, esta cantidade revisarase anualmente en función do IPC. A materialización das mesmas se levará a cabo a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.

4. O 22.11.2010 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña no que os tres concellos asumían a condición de beneficiarios da subvención outorgada pola Comunidade Autónoma e a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a condición de entidade colaboradora na xestión e



tramitación desta subvención, incluída a entrega dos fondos públicos aos beneficiarios, de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. O citado convenio tivo unha vixencia ata o 31.12.2010, tramitándose con posterioridade convenios anuais.

6. O título V da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia regula as relacións interadministrativas establecendo, entre outras previsións, os principios aos que as entidades locais e a Xunta de Galica deben axear a súa actuación.

O artigo 194.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, establece que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto nos asuntos locais coma nos asuntos de interese común, desenvolveranse, con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis. Neste sentido, o artigo 195 do citado texto, establece que a colaboración e a cooperación entre as entidades locais e a Xunta de Galicia poderá realizarse, entre outros mecanismos, mediante a subscripción de convenios.

7. Pola súa parte, o artigo 24 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia dispón:

1. A actuación da Administración da Comunidade Autónoma e das entidades locais no ámbito do abastecemento de poboacións garantiralles a subministración de auga en cantidade e calidade axeitada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco do que indique a planificación hidrolóxica aplicable.

2. No ámbito do saneamento e a depuración das augas residuais, a actuación da Administración da Comunidade Autónoma e das entidades locais terá como finalidade contribuir á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos que nesta materia fixe a lexislación aplicable.



Igualmente propiciárase a reutilización das augas residuais xa depuradas cando iso sexa viable en función dos usos previstos, das condicións sanitarias exixibles e de conformidade cos estudos técnicos e económicos que se realicen.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. Así, o artigo 30.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, dispón:

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia colaborará con lealdade coa Administración xeral do Estado e coas entidades locais. Para eses efectos e sen prexuízo doutras técnicas de colaboración, subscribíranse os convenios que sexan precisos para acadar os obxectivos das políticas de abastecemento e de saneamento e depuración establecidos no artigo 24º.

8. A Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española e o Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a antedita lei, establecen que as fórmulas de actualización de prezos referidas as variacións de índices xerais, tales como o Índice de Prezos ao Consumo, deberán substituírse por valor cero.

9. A instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario establece os criterios para a homoxeneización e sistematización dos traballos de Augas de Galicia vinculados coas actuacións de mantemento e conservación fluvial que non discorran por zonas urbanas, en consonancia co disposto no artigo 28.4 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional, na interpretación dada pola sentenza do Tribunal Supremo núm. 1962/2017, do 13 de decembro.

De acordo co establecido nas directrices técnicas de conservación fluvial da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, con carácter xeral, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, en aplicación da sentenza do Tribunal Supremo nº 1962/2017 que interpreta o artigo 28.4 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional (LPHN), no sentido de declarar que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas.



Polo tanto, e dada a importancia que teñen os traballos de conservación para o mantemento do ecosistema fluvial é fundamental a colaboración entre a administración hidráulica e os concellos para que, periodicamente, se poidan realizar labores de conservación ao longo dos diferentes tramos dos ríos tendo en conta as competencias de cada Administración.

10. O Plan Estratégico de Galicia é un instrumento de planificación da actuación da Xunta de Galicia no que se definen as prioridades de actuación, os obxectivos estratéxicos e operativos e os indicadores que permiten valorar a consecución destes obxectivos pola administración autonómica.

No marco do referido plan e no ámbito das súas competencias, Augas de Galicia ten fixados os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.
- Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuíndo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.
- Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.



11. A Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia ten como finalidade asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia, de maneira que se protexa o ambiente, se cree riqueza e a riqueza creada impacte no territorio. Para estes efectos recolle un conxunto de medidas de distinta índole relacionadas entre si polo seu compromiso co desenvolvemento sustentable do territorio.

Entre outros, enténdense como beneficios sociais e económicos, a promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial; o compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da área; a conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos, e as boas prácticas ambientais e sociais.

12. O informe mundial das Nacións Unidas sobre ou desenvolvemento dos recursos hídricos, do ano 2021, recolle que a cultura inflúe directamente na forma en como percibimos, derivamos e usamos os valores da auga e que moitos dos valores culturais relacionados coa auga poden ser avaliados e expresados se se lles considera como servizos culturais ecosistémicos.

As actuacións recollidas no convenio a asinar en cumprimento do previsto no prego de bases para actuacións de carácter cultural deben ter encaixe neste marco da cultura da auga.

Ao abeiro dos convenios asinados véñense subvencionando actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social nos termos municipais de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, se ben tendo e conta os antecedentes indicados, as partes consideran adecuado continuar subvencionado determinadas actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social e incorporar novas actuacións relacionadas coa cultura da auga, como poden ser todas aquelas relacionadas coa mellora do ciclo integral da auga ou destinadas á conservación fluvial.

13. Finalizada a vixencia do convenio asinado o 09.08.2024, procede agora tramitar un novo convenio que estableza as bases reguladoras para a realización de actuacións nos anos 2025 e 2026.

En consecuencia, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas que rexerán a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis (en adiante, prego de bases da concesión).

De acordo co anterior, preténdese con este instrumento de colaboración un dobre obxectivo:

1. Establecer as condicións nas que a Deputación de Pontevedra asume o carácter de entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Desenvolver o réxime da subvención prevista aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña no prego de bases da concesión, de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDA. CONTÍA DAS SUBVENCIONES

1. Augas de Galicia en cumprimento do prescrito no prego de bases da concesión, destinará unha cantidade máxima de 785.071,56 € para o financiamento das actuacións a realizar nos anos 2025 e 2026 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

Augas de Galicia financiará a súa chega con cargo á conta 6516 "Subvencións correntes a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O importe destinado ao financiamento das actuacións distribuirase nas anualidades 2025 e 2026 do seguinte xeito:



CONCELLO	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026	TOTAL
Caldas de Reis	130.845,26	130.845,26	261.690,52
Cuntis	130.845,26	130.845,26	261.690,52
Moraña	130.845,26	130.845,26	261.690,52
TOTAL	392.535,78	392.535,78	785.071,56

Augas de Galicia financiará as actuacións ata o máximo do importe que consta para as anualidades 2025 e 2026.

A subvención fíxase como un importe certo e máximo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

2. Poderanse financiar con cargo a anualidade 2025 as actuacións realizadas polos concellos dende o 1 de xaneiro de 2025 e ata o 30 de novembro de 2025.

As actuacións realizadas polos concellos no mes de decembro de 2025 poderán xustificarse con cargo á anualidade 2026.

3. Poderán financiarse con cargo a anualidade 2026 as actuacións realizadas polos concellos dende o 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026.

TERCEIRA. ENTIDADE COLABORADORA

A Deputación Provincial de Pontevedra asume a condición de entidade colaboradora, para os efectos do previsto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, colaborando na xestión e distribución das subvencións previstas na cláusula segunda e de conformidade co previsto na cláusula 4ª g) do prego de bases da concesión. A estes efectos a deputación provincial asume, de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño as seguintes obrigas:

- a) Entregar aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención que se concretan neste convenio.
- b) Comprobar o cumprimento das condicións de outorgamento das subvencións.



- c) Comprobar a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- d) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano que concede a subvención.
- e) Reintegrar a Augas de Galicia a cantidade total ou parcial da subvención establecida, e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento para o caso de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.
- f) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida.

CUARTA. ENTIDADES BENEFICIARIAS

1. Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña asumen a condición de beneficiarios das subvencións previstas no prego de bases da concesión e no presente convenio de colaboración para aquelas actuacións incluídas no anexo I para o ano 2025 e no anexo II para o ano 2026 e que se desenvolvan no seu ámbito territorial.
2. As entidades beneficiarias asumen, de acordo co previsto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os seguintes compromisos:
 - a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
 - b) Xustificar ante a Deputación Provincial de Pontevedra a realización das actividades e o cumprimento das finalidades que determinen a concesión da subvención.
 - c) Reintegrar á Deputación Provincial de Pontevedra a cantidade total ou parcial da subvención establecida, e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento para o caso de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.
 - d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Deputación Provincial de Pontevedra así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida.



e) Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

f) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto da subvención de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos medios de difusión utilizados deberá figurar expresamente o importe total das actuacións e a achega financiada con cargo ao canon pola explotación do encoro de Caldas de Reis como aproveitamento hidroeléctrico debendo estarse ao establecido no artigo 20.1 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

QUINTA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

1. Os concellos remitiron a Augas de Galicia con carácter previo á sinatura deste convenio a memoria na que se concretan as actuacións subvencionables correspondentes ao ano 2025 e se detallan os importes dos distintos conceptos obxecto da subvención.

O límite máximo por tipoloxía da actuación correspondente ao ano 2025 recóllese no anexo I.

2. Os concellos remitirán a Augas de Galicia no mes de xaneiro de 2026 a memoria na que se concretan as actuacións a realizar no ano 2026 e se detallan os importes dos distintos conceptos obxecto da subvención, debendo respectarse en todo caso a tipoloxía das actuacións recollida no anexo II.

O límite máximo da anualidade 2026 da subvención será o recollido na cláusula segunda deste convenio de colaboración.

SEXTA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS POR PARTE DOS BENEFICIARIOS

1. En canto ao réxime de xustificación dos gastos por parte dos tres concellos beneficiarios das subvencións, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



2. Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña asumen como beneficiarios das subvencións previstas neste convenio, e respecto da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa condición de entidade colaboradora, as seguintes obrigas:

a) Unha vez rematadas as actuacións previstas para cada anualidade, cada concello deberá xustificar ante a Deputación Provincial de Pontevedra o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. A referida xustificación deberá presentarse antes do 1 de decembro de cada exercicio.

b) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións obxecto do presente convenio de colaboración.

c) Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

d) Asumir todas as obrigas que para os beneficiarios de subvencións establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente a conservación dos documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3. A concesión de subvencións deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

SÉTIMA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS POR PARTE DA ENTIDADE COLABORADORA

1. Unha vez presentada a xustificación polos concellos, a Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deberá presentar certificación acreditativa do cumprimento por parte dos concellos das súas obrigas. Esta



certificación deberá achegarse a Augas de Galicia antes do día 20 de decembro de cada exercicio.

2. As contías referidas na cláusula segunda para cada exercicio ingresarán mediante transferencia bancaria á Deputación Provincial de Pontevedra, na súa calidade de entidade colaboradora. Esta transferencia, realizarase no prazo dun mes a contar dende a data de xustificación das actuacións por parte da Deputación Provincial de Pontevedra e en todo caso, dentro de cada exercicio orzamentario.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión de seguimento do presente convenio, presidida pola persoa titular da Dirección de Augas de Galicia e da que tamén formarán parte os seguintes representantes:

- a) Dous representantes de Augas de Galicia
- b) Un representante da Deputación Provincial de Pontevedra
- c) Un representante do concello de Caldas de Reis
- d) Un representante do concello de Cuntis
- e) Un representante do concello de Moraña

A persoa titular da Dirección de Augas de Galicia terá voto de calidade.

As funcións da secretaría serán realizadas por un funcionario/a de Augas de Galicia. A persoa titular da secretaría non terá a consideración de membro da comisión de seguimento do convenio.

Esta comisión realizará as seguintes:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio de colaboración.
- b) Interpretar en caso de dúbida o contido do convenio.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir nas aplicacións do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste convenio.



Os membros da comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que ao réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro e na súas normas de desenvolvemento.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura, sendo non obstante de aplicación ás actividades realizadas dende o 1.1.2025, de conformidade co disposto na cláusula segunda, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2026.

UNDÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- a) o cumprimento do seu obxecto
- b) o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse, total ou parcialmente, por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a. o mutuo acordo entre as partes asinantes
- b. incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.



DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre as partes asinantes e tramitarase a través dunha addenda.

DÉCIMO TERCEIRA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



DÉCIMO SEXTA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.

Así mesmo, serán de aplicación os plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Deputación Provincial de Pontevedra e dos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.



3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O alcalde do Concello de Caldas de Reis, Jacobo Pérez Gulín

O alcalde do Concello de Cuntis, Manuel Campos Velay

O alcalde do Concello de Moraña, José Luis Gómez Fontenla

DOCUMENTOS ANEXOS

Anexo I. Detalle do custo estimado das actuacións para o ano 2025

Anexo II. Detalle do custo estimado das actuacións para o ano 2026



ANEXO I
DETALLE DO CUSTO ESTIMADO DAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2025

TIPOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	CONCELLO DE CUNTIS	CONCELLO DE MORAÑA
Nadal e Cabalgata de Reis	29.500 €	5.000 €	0,00 €
Programa Deporte e Natureza	40.000 €	0,00 €	0,00 €
Circuíto Cultural 2025	71.200 €	0,00 €	0,00 €
Festas do Entroido	0,00 €	20.000 €	0,00 €
XXVI Festa do Lacón con Grelos	0,00 €	80.000 €	0,00 €
Activerán/Verán cultural	0,00 €	10.000 €	0,00 €
Axuda no fogar/ Dependencia	0,00 €	15.000 €	50.000 €
Programa de formación de adultos	0,00 €	39.500 €	3.600 €
Centro de atención de día	0,00 €	17.500 €	0,00 €
Teleasistencia domiciliaria	0,00 €	1.598,50 €	0,00 €
Envelhecimento Activo	0,00 €	9.000 €	0,00 €
Axudas a discapacidade	0,00 €	0,00 €	9.000 €
Escola de Música	0,00 €	0,00 €	40.000 €
Ludoteca	0,00 €	0,00 €	15.000 €
Actividades deportivas	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Acondicionamento de sendas fluviais	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Desbroces e mantemento de zonas de servidume de policía	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Actuacións relacionadas coa xestión do ciclo da auga (*)	0,00 €	0,00 €	40.000 €
IMPORTES TOTAIS ESTIMADOS	140.700,00 €	188.627,50 €	157.600,00 €
IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN	130.845,26 €	130.845,26 €	130.845,26 €

(*) Non entran neste tipo de actuacións os pagos de tributos en materia de augas.



ANEXO II

TIPOS DE ACTUACIONES SUBVENCIONABLES NO AÑO 2026

TIPOLOXÍA DAS ACTUACIÓN
Axuda no fogar/ Dependencia
Programa de formación de adultos
Centro de atención de día
Teleasistencia domiciliaria
Axudas a discapacidade
Escola de Música
Ludoteca
Actividades deportivas
Acondicionamento de sendas fluviais
Desbroces e mantemento de zonas de servidume de policía
Actuacións relacionadas coa xestión do ciclo da auga (*)

(*) Non entran neste tipo de actuacións os pagos de tributos en materia de augas.

